



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

meteogalicia

Informe climatolóxico primavera 2021

INFORME CLIMATOLÓXICO PRIMAVERA 2021



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	2
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2021 EN GALICIA.	3
2.1.	Temperatura.....	3
2.2.	Precipitación.....	8
3	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.....	12
3.1.	Temperatura.....	12
3.2.	Precipitación.....	15



Primavera lixeiramente cálida e seca.

1 INTRODUCCIÓN

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de primavera (marzo de 2021 a maio de 2021). Así, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1981-2010.

As anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar a estación en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar a estación en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media desta primavera e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada na primavera respecto do valor da media climática correspondente.



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2021 EN GALICIA.

2.1. Temperatura

A primavera de 2021 (balance dos meses de marzo, abril e maio) foi **cálida, pero moi preto da normalidade**, con unha anomalía positiva na temperatura media de $+0.25$ °C. Isto debeuse principalmente ao mes de abril que foi moi cálido aínda que, o mes de maio foi quen de diminuír moito a anomalía na primavera.

A primavera comezou cun mes de **marzo** caracterizado pola predominancia de situacións anticiclónicas, que provocaron amplas oscilacións térmicas e fixeron que as temperaturas medias no se apartasen de forma significativa do valor climático do período de referencia 1981-2010. A temperatura media da serie rexional representativa, foi de 11.0 °C, o que representa unha anomalía positiva de $+0.12$ °C, que fai que o mes se considere **normal**. Isto foi así pola compensación das máximas que foron cálidas coas mínimas que foron frías. Con isto temos a situación característica dun mes de marzo, no que existe unha tendencia a ter máximas elevadas pero mínimas máis baixas do normal.

Abril foi un mes no que novamente houbo predominio de situacións anticiclónicas, pero con aire frío en altura. Neste mes apenas houbo días de frío, as máximas foron elevadas principalmente polas tardes, e as situacións tormentosas do mes, fixeron que tampouco a mínimas fosen moi baixas. Por iso a temperatura media, cun valor de 13.1 °C, presentou unha anomalía de $+1.25$ °C, resultando un mes **moi cálido**, ao que contribuíron principalmente as temperaturas máximas, que foron moi cálidas. Pero as mínimas tamén foron cálidas para a época do ano.

A primavera rematou cun mes de **maio** en xeral moi cambiante, cuns primeiros e derradeiros días do mes anticiclónicos, que na última semana deixaron temperaturas bastante elevadas, pero o resto do mes, estivo moi condicionado pola continua chegada de borrascas e aire frío, o que fai que o mes resultase no conxunto da Comunidade frío. Así, cunha temperatura media de 13.8 °C, e unha anomalía de -0.63 °C o mes cualificouse como **frío**, no que contribuíron principalmente as temperaturas mínimas que foron moi frías, pero as máximas tamén resultaron frías neste mes de maio. Curiosamente, cabe destacar que no ano anterior tivemos o mes de maio máis cálido da serie.



Nas táboas 1 e 2 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de primavera de 2021 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As máximas máis altas, déronse na última xornada da primavera nas dúas franxas de altitude consideradas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2021 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
31/05/2021	Ourense	OURENSE	Ourense	35.1
30/05/2021	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	34.0
31/05/2021	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	33.3
31/05/2021	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	33.2
31/05/2021	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	32.4
31/03/2021	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	32.1
31/05/2021	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	32.1
31/05/2021	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	31.9
31/05/2021	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	31.9
31/05/2021	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	31.8

Táboa 1: Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera de 2021 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2021 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
31/05/2021	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	26.9
31/05/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	25.9
31/05/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	25.7
31/05/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	25.5
31/05/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	25.3
31/05/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	25.0
31/05/2021	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	24.4
31/05/2021	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	24.4
31/05/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	23.3
31/05/2021	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	22.7

Táboa 2: Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera de 2021 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade na primavera de 2021 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. Neste caso, para ambas altitudes, destacan as xornadas do 9 e o 21 do mes de marzo de 2021.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2021 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/03/2021	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-5.9
09/03/2021	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-5.7
20/03/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-5.6
21/03/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-5.3
21/03/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.2
21/03/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-5.1
09/03/2021	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.0
09/03/2021	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.9
21/03/2021	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-3.6
09/03/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	-3.5

Táboa 3: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera de 2021 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2021 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
21/03/2021	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-7.7
21/03/2021	Baltar	BALTAR	Ourense	-7.0
21/03/2021	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-4.9
21/03/2021	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-4.9
18/03/2021	Baltar	BALTAR	Ourense	-4.7
09/03/2021	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-4.3
09/03/2021	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-4.3
09/03/2021	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-4.1
09/03/2021	Morelle	SARRIA	Lugo	-4.1
21/03/2021	Laza	LAZA	Ourense	-3.5

Táboa 4: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera de 2021 a altitude inferior a 1000m.



Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para a primavera de 2021. Nas zonas de Cabeza de Manzaneda e puntos máis altos da comarca de Valdeorras rexistráronse os valores máis baixos de temperatura, en torno aos 4 °C. No litoral da provincia de Pontevedra foi onde se rexistraron os valores máis altos de temperatura media, destacando a comarca de Vigo e o Baixo Miño, con valores próximos aos 15 °C. Segundo os valores do mapa, a temperatura media no conxunto da Comunidade foi de 11.3 °C.




Figura 1: Temperatura media na primavera 2021.



Na figura 2 pódese ver para esta primavera o mapa das desviacións da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dunha primavera lixeiramente cálida, cunha anomalía media, segundo os valores do mapa, de $+0.33\text{ }^{\circ}\text{C}$. Os rexistros máis altos de anomalía de temperatura acadáronse principalmente na comarca de Sarria pero tamén nas comarcas de Viana e Valdeorras na provincia de Ourense, cunha anomalía positiva próxima $+1.5\text{ }^{\circ}\text{C}$. Os máis baixos, na comarca dos Ancares con valores de ata $-2.14\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 2: Mapa de anomalías da temperatura media na primavera 2021



2.2. Precipitación

No conxunto dos meses de marzo, abril e maio, pódese cualificar esta **primavera** como **seca**, cunha porcentaxe de precipitación dun 21% inferior con respecto ao período de referencia. Isto estivo moi condicionado polo mes de marzo que foi moi seco. Os meses de abril (normal) e maio, a pesar de ser húmido, non puideron compensar a forte anomalía do primeiro mes da primavera.

O predominio anticiclónico no mes de **marzo** orixinou que as precipitacións fosen moi escasas para a época do ano, de feito foi o **máis seco desde 1997**. A isto tamén contribuíu o feito de que as poucas borrascas que afectaron á Comunidade, foron moi pouco activas. Así, o valor promedio da precipitación en 16 series representativas foi de 20 L/m². O que representou un 80% menos do normal para o período climático de referencia. Os días de chuvia tamén foron escasos, cun valor medio de 4.6 días, pero nalgunhas localidades do Miño ourensá, tan só houbo 2 días de chuvia.

No mes de **abril** a pesar do predominio anticiclónico, a presenza do aire frío en altura provocou chuvias de carácter tormentoso, ocasionando chuvias que fixeron que nalgúns puntos do interior rexistrasen importantes cantidades de precipitación. No conxunto da Galicia, a precipitación media foi de 113 L/m², o que representou unha porcentaxe dun 3% superior ao valor climático. Polo que o mes considérase **normal**. O número de días de chuvia tamén foi normal, cun valor promedio de 10 días de chuvia.

A primavera rematou cun mes de **maio**, no que atinxe as precipitacións que resultou **húmido**. Aínda así, cabe destacar a gran diferenza entre o oeste da Comunidade, con cantidades moi importantes de precipitación e que resultou moi húmido, co leste no que, debido a que as borrascas que afectaron a Galicia apenas conseguiron afectar a esta rexión observouse un importante déficit das precipitacións. A chuvia media rexistrada na serie rexional foi de 113 L/m² o que representa unha porcentaxe dun 13 % superior ao valor climático do período de referencia 1981-2010. En canto ao número de días de chuvia, podemos observar o mesmo comportamento, moi condicionado pola localización xeográfica, que se apreciou na precipitación.



Na táboa 5 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados nesta primavera de 2021.

Precipitación máxima estacional na primavera 2021			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Castrove	POIO	Pontevedra	502
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	488
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	484
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	469
Muralla	LOUSAME	A Coruña	450
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	435
Cespón	BOIRO	A Coruña	429
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	416
San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	402
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	401

Táboa 5: Valores máximos de precipitación acumulada na primavera de 2021.

Na táboa 6 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados:

Precipitación mínima estacional na primavera 2021			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	83
Larouco	LAROUCO	Ourense	96
Xares	VEIGA (A)	Ourense	102
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	102
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	111
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	114
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	116
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	122
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	125
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	126

Táboa 6: Valores mínimos de precipitación acumulada na primavera de 2021.



Na figura 3 móstrase a precipitación total acumulada nesta primavera de 2021. Os valores máis altos rexistráronse na Serra do Suído, con valores próximos aos 850 L/m². Os valores máis baixos rexistráronse nalgunhas localidades da comarca de Valdeorras, con valores que apenas chegaron aos 72 L/m². O valor medio de precipitación para o conxunto de Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 252 L/m².




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada na primavera de 2021.



Na figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1981-2010), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. Tal e como se pode ver na figura, a porcentaxe de precipitación é moi heteroxénea na súa distribución. Así as porcentaxes máis baixas correspóndense a Mariña Oriental, nas mesetas e fosas occidentais, e en moitas localidades do interior da provincias de Lugo e Ourense. Porén, hai zonas que resultaron húmidas, destacando Ferrol-Terra cunha porcentaxe superior ao 25% do valor normal. Segundo os valores do mapa a porcentaxe de precipitación foi dun 65% inferior ao normal, no conxunto de Galicia.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática na primavera de 2021.



3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.

3.1. Temperatura

A temperatura media de primavera para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía positiva de +0.7 °C con respecto ó período climático de referencia 1971-2000 e de +0.3 °C con respecto ao 1981-2010. Como resultado disto tratouse dunha primavera lixeiramente cálida tendo como referencia o período 1981-2010 segundo a táboa 0.1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media primavera (°C)		
2021	1971-2000	1981-2010
12.6	11.9	12.4

Táboa 7: Comparación entre a temperatura media en primavera e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media na primavera de 2021 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2021	1971-2000	1981-2010
marzo	11.0	10.3	10.8
abril	13.1	11.5	11.9
maio	13.8	13.9	14.4

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media mensual do primavera 2021 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, os meses de marzo foi normal, abril moi cálido e maio frío.

Na táboa 9 pódese observar a temperatura media das máximas na estación de primavera e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentiles das series das máximas, esta primavera pode considerarse cálida, cunha anomalía de +0.7 °C con respecto ao último período de referencia.



Temperatura media das máximas en primavera(°C)		
2021	1971-2000	1981-2010
18.4	17.1	17.6

Táboa 9: Comparación entre a temperatura máxima media en primavera e a media climática galega.

Mensualmente, marzo resultou cálido, abril moi cálido e maio frío con respecto ao período 1981-2010.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2021	1971-2000	1981-2010
marzo	17.1	15.6	16.1
abril	18.7	16.5	17.1
maio	19.3	19.1	19.7

Táboa 10: Comparación entre a temperatura máxima media mensual do primavera de 2021 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, a primavera pódese considerar como normal, cunha anomalía positiva de -0.2 °C con respecto ao período de referencia 1981-2010.

Temperatura media das mínimas en primavera (°C)		
2021	1971-2000	1981-2010
6.9	6.8	7.1

Táboa 11: Comparación entre a temperatura mínima media en primavera e a media climática galega.

A escala mensual, marzo resultou frío, abril foi cálido e maio foi moi frío con respecto ao último período de referencia.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2021	1971-2000	1981-2010
marzo	4.8	5.1	5.5
abril	7.5	6.4	6.6
maio	8.2	8.8	9.1

Táboa 12: Comparación entre a temperatura mínima media mensual do primavera de 2021 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media das primaveras dende o ano 1961 ao ano 2021.




Figura 5: Evolución da temperatura media na primavera para a serie rexional galega.

A temperatura media da primavera de 2021 acadou un valor de 12.6 °C. A anomalía da temperatura media para Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.25 °C, o que fai que, segundo os criterios da táboa 0.1, poida considerarse como unha primavera lixeiramente cálida, aínda que moi preto da normalidade. Isto debeuse principalmente á temperatura máxima segundo a cal, a primavera resultou moi cálida, porén, segundo a temperatura mínima a primavera foi fría. A primavera anterior presentou unha anomalía moi superior á deste ano.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura na primavera no período 1961-2021.



3.2. Precipitación

Na táboa 13 móstranse os valores medios de precipitación acumulada na primavera de 2021, ademais dos valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (L/m ²)		
2021	1971-2000	1981-2010
245	311	312

Táboa 13: Comparación entre a precipitación acumulada na primavera 2021 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación nesta primavera foi para os dous períodos de referencia un 21% inferior ao normal. Segundo os criterios da táboa 0.2, considérase unha primavera seca con respecto ao último período.

O estudo mensual da precipitación acumulada nesta primavera (táboa 14) mostra que mentres que marzo foi moi seco, abril normal e maio húmido.

Precipitación acumulada por mes (°C)			
Mes	2021	1971-2000	1981-2010
marzo	20	98	100
abril	113	111	115
maio	113	102	96

Táboa 14: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de primavera e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nas primaveras desde o ano 1961 ao 2021.




Figura 7: Precipitación acumulada na primavera para a serie rexional galega.

Na figura 8 móstranse as anomalías de precipitación en primavera, xunto coa media móbil de 5 anos. A chuvia media para as dezaseis estación que compoñen a serie rexional foi de 245 L/m². A porcentaxe de precipitación para esta primavera en Galicia, para a serie rexional, foi un 21% inferior ao normal, o que fai que poida considerarse como unha primavera seca. O precedente máis seco atopámolo no ano 2015.




Figura 7: Evolución da anomalía de precipitación na primavera no período 1961-2021.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

meteogalicia

Informe climatolóxico primavera 2021

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda